

**AXUDAS PROGRAMA BONOS ACTIVA COMERCIO.
VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN**

EXTRACTO da Orde do 24 de abril de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas, en réxime de concorrència non competitiva, do Programa de dinamización e incentivación do consumo nos comercios retalistas da Comunidade Autónoma de Galicia a través dos bonos Activa comercio, se convocan para o ano 2023 e se abre o prazo para a adhesión dos comercios (**código de procedemento CO301B**).

Persoas beneficiarias das axudas

As persoas físicas maiores de idade e residentes na Comunidade Autónoma de Galicia.

Obxecto

O obxecto é a concesión de axudas do Programa de dinamización e incentivación do consumo nos comercios retalistas da Comunidade Autónoma de Galicia a través dos bonos Activa comercio.

Bases reguladoras

As bases reguladoras publícanse conxuntamente na convocatoria do programa bonos Activa comercio.

Actividade subvencionable

Son subvencionable a compra de bens, a través dos bonos Activa comercio, nos establecementos comerciais retalistas de Galicia adheridos ao programa.

As vendas subvencionadas serán as que se realicen nas datas fixadas no artigo 17 destas bases reguladoras. Cada bono terá a consideración de bono desconto por un valor de 30 euros para as compras nos comercios adheridos.

Importe:

Poderase usar cada bono ata o seu esgotamento ou, se é o caso, ata o esgotamento do crédito dispoñible no programa.

O importe do bono irase reducindo en función do valor da compra realizada de acordo cos seguintes criterios:

- Desconto de 5 € en compras iguais ou superiores a 20 € e inferiores a 30 €.
- Desconto de 10 € en compras iguais ou superiores a 30 € e inferiores a 50 €.
- Desconto de 15 € en compras iguais ou superiores a 50 €.

Todas estas contías enténdense co IVE incluído

Prazo dos comerciantes para adherirse ao programa

O prazo para adherirse ao programa será desde o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia* ata o 1 de setembro de 2023, sen prexuízo da súa posible ampliación nos termos establecidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, del procedemento administrativo común das administracións públicas.

Presentación da solicitude dos bonos por parte dos usuarios

Para a solicitude e a obtención dos bonos, cada persoa usuaria deberá darse de alta na web www.bonosactivacomercio.gal indicando a seguinte información:

- a) Nome e apelidos.
- b) Maioría de idade.
- c) DNI ou NIE.
- d) Localidade de residencia (código postal).
- e) Número de teléfono móbil.
- f) Correo electrónico.

Data de activación dos bonos

Os bonos estarán dispoñibles na web www.bonosactivacomercio.gal para a súa descarga polas persoas usuarias desde o 15 de maio ata o 15 de setembro de 2023, agás no caso de que o importe total dos descontos efectivamente realizados en compravendas alcance os 2.500.000,00 €.

Máis información

DOG Núm. 87 Luns, 8 de maio de 2023 (**código de procedemento CO301B**).

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2023/20230508/AnuncioV0653-260423-0025_es.pdf